

Praza do Concello, s/n
Teléfono 981 70 41 00
15100 CARBALLO
A Coruña



A.P.B.

Don José Villán Fuertes, Secretario do Concello de Carballo – A Coruña

CERTIFICO:

Que a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria celebrada en data 25 de abril de 2016 adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

"FOD.2.- CONVENIO-MARCO DE COLABORACION ENTRE A FEGAMP E A CONSELLERIA DE CULTURA, EDUCACION E ORDINACION UNIVERSITARIA SOBRE O USO, POR CONCELLOS GALEGOS, DE INSTALACIONES DEPORTIVAS DE TITULARIDADE DA CONSELLERIA. ADHESION.

O 16 de outubro de 2014, asinouse o "Convenio-marco de colaboración entre a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) e a Consellería e Cultura, Educación e Ordenación Universitaria sobre o uso, por concellos galegos, de instalacións deportivas de titularidade da Consellería".

A participación dos concellos neste CONVENIO-MARCO realizarase mediante a súa adhesión expresa os termos do mesmo, acordada polo seu órgano de goberno competente e dirixida á FEGAMP, que a trasladará á correspondente Delegación provincial de Educación para que esta resolva a aceptación ou non da solicitude de adhesión, logo do informe do director do centro escolar e de calquera outro que estime pertinente recabar.

Este convenio-marco ten por finalidade a determinación das normas que servirán para regulamenta-la utilización das instalacións deportivas dos centros escolares dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria por parte dos concellos.

O uso de tales instalacións deberá ter como obxectivo a realización de actividades educativas, culturais, deportivas ou outras de carácter social, sempre que non contradigan os obxetivos xerais do sistema educativo.

En todo caso, tal uso polos concellos estará supeditado ó normal desenvolvemento da actividades docente e do funcionamento do centro, fóra do horario lectivo e da programación do centro. Ademáis diso, sempre terán preferencia as actividades dirixidas ós nenos e ós xoves que supoñan unha ampliación da oferta educativa.

Para os efectos da adhesión ó programa de utilización de pistas polideportivas de centros educativos, os concellos interesados presentarán, perante o director do centro respectivo, un programa de utilización concreto, do acordo coas condicións fixadas na cláusula segunda e terceira deste convenio-marco. O director do centro dará traslado do programa de utilización, xunto co seu informe e daqueles

C.I.F.: P1501900C

outros que poideran recabar, a delegación provincial de educación para que esta resolva sobre a procedencia ou non da adhesión solicitada.

De acordo co anterior, e vista a proposta 5/2016 S-CONVENIOS, do Concelleiro de Deportes e Cultura do 25/04/2016, en uso das competencias delegadas por Decreto da Alcaldía 1938/2015 do 16 de xuño, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros (7),
ACORDA:

Primeiro. - A adhesión do Concello de Carballo ó "Convenio marco de colaboración entre a FEGAMP e a Consellería de Cultura, educación e Ordenación Universitaria sobre o uso, por Concellos Galegos, de instalacións deportivas de titularidade da Consellería", asinado o 16 de outubro de 2014, cuxo texto se transcribe a continuación:

"CONVENIO-MARCO MARCO DE COLABORACION ENTRE A FEGAMP E A CONSELLERIA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA SOBRE O USO, POR CONCELLOS GALEGOS, DE INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DE TITULARIDADE DA CONSELLERÍA. ADHEXIÓN.

Santiago de Compostela, 16 de outubro de 2014

REUNIDOS

Por un lado, o Sr. D. Jesús Vázquez Abad, no nome e representación da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (en diante a Consellería), en virtude do seu cargo de conselleiro, para o que foi nomeado polo Decreto 9/2012, do 3 de xaneiro, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 117983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e a súa Presidencia, e do artigo 3 do Decreto 4/2013, do 10 de xaneiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Doutro lado, Sr. D. José Manuel Rey Varela, en representación da Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP), na súa condición de presidente, que actúa neste acto en uso das atribucións que lle confiren os artigos 44 e 46.1 dos seus estatutos de funcionamento.

Ambas as partes interveñen en uso dos seus respectivos cargos e se recoñecen a capacidade legal necesaria para formalizar este convenio marco de colaboración, en liña cos principios de colaboración, cooperación, coordinación e eficacia que deben presidir as actuacións das Administracións Públicas, e

EXPOÑEN:

I. De acordo co artigo 31 do Estatuto de autonomía para Galicia, aprobado pola Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, "E competencia plena da Comunidade Autónoma galega a regulación e administración da ensinanza en todo a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades, no ámbito das súas competencias (...)".

A disposición adicional décimo quinta da Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, do educación (LOE), establece que "corresponde ás Administracións educativas establecer o procedemento para o uso dos centros docentes, qu delas dependan, por parte das autoridades municipais, fora do horario lectivo para actividades educativas, culturais, deportivas ou outras de carácter social. O dito uso quedará únicamente suxeito as necesidades da programación das actividades dos ditos centros".

II. As entidades locais poden constituir asociacións, de ámbito estatal ou autonómico, para a protección e promoción dos seus intereses comúns, As que se lle aplicará a súa normativa específica e, no non previsto, a lexislación do Estado en materia de asociacións. No ámbito das súas funcións, poderán celebrar convenios coas distintas Administracións Públicas. (disposición adicional quinta 1 e 3 da Lei 7/1985, do 2 do abril, reguladora das bases do réxime local (en diante LBRL)).

De acordo co anterior, a Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia (en diante LALGA), establece, na súa disposición transitoria terceira, que "a Federación Galega de Municipios e Provincias, recoñecida polas Entidades Locais como a entidade asociativa mais representativa e maioritaria, terá as facultades establecidas na presente Lei e as derivadas da súa representatividade."

A FEGAMP é o Órgano institucional que, segundo os seus estatutos constitutivos, representa e defende os intereses de todas as entidades locais de Galicia, o que a lexítima para a subscrición deste convenio marco de colaboración.

Preside o seu funcionamento, da base asociativa, o principio de promoción, representación e defensa dos intereses dos entes que conforman a federación de cara a outras administracións públicas.

III. O artigo 25.2 m) e n) da LBRL, modificado pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, establece que o municipio exercerá, en todo caso, competencias nos termos da lexislación do Estado e da Comunidade Autónoma, entre outras, en materia de "promoción da cultura e equipamentos culturais", así como de "participar na vixilancia do cumprimento da escolaridade obrigatoria e cooperar coas Administracións educativas correspondentes na obtención dos soares necesarios para a construción de novos centros docentes, A conservación, mantemento e vixilancia dos edificios de titularidade local destinados a centros públicos de educación infantil, de educación primaria ou de educación especial". Estas competencias asúmense pola Comunidade Autónoma de Galicia, respecto dos municipios do seu ámbito territorial, en virtude das letras n) e ñ) do artigo.

As disposicións adicionais primeira e cuarta da Lei 512014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local dispoñen que "as competencias atribuídas as entidades locais pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da administración local (en diante LRSAL) continuarán exercéndoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, no seu caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local. As competencias que debe asumir a Administración da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de educación, saúde e servizos sociais en cumprimento das disposicións da LRSAL, continuarán prestándose polos municipios en tanto non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas locais previsto na mesma.

IV. No contorno dos centros docentes existen instalacións deportivas destinadas a impartir a materia de educación física, así como outras actividades vinculadas ao eido educativo. A titularidade destas instalacións corresponde, no caso dos institutos de ensinanza secundaria (IES), a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e, no caso dos centros de ensinanzas infantil e primaria(CEIP), aos respectivos concellos.

V. As administracións públicas, segundo dispón o artigo 4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común, actúan e se relacionan de acordo co principio de lealdade institucional e, en consecuencia, deben prestar, no ámbito propio, a cooperación e asistencia activas que as outras administracións puidesen recabar para o eficaz exercicio das súas competencias.

De acordo co anterior, e no marco que deseña a recente LRSAL, este convenio procura alcanzar o maior grao de eficiencia dos recursos públicos que se sitúan nun mesmo ámbito territorial, evitando duplicidades, sen merma dos intereses propios que corresponden a cada Administración.

VI. A vontade cooperadora das partes neste eido, xa se recollía no convenio de colaboración do 23 de xullo de 2014. O instrumento que se ven a formalizar recolle, en esencia, os mesmos termos do anterior, ao que substitúe, se ben introduce unha fórmula de reparto das cargas derivadas do convenio, máis equitativa e axeitada aos fins que con el se perseguen.

Polo exposto, as partes acordan subscribir o presente convenio marco de colaboración de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS:

Primeira. Obxecto, natureza e ámbito de aplicación

O obxecto deste convenio é articular as bases de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP), para que as instalacións deportivas titularidade da Consellería, situadas nas inmediacións dos Institutos de Ensinanza Secundaria (IES), poidan ser empregadas polos concellos galegos, fóra do horario e actividades docentes, para fins de carácter educativo, deportivo e cultural.

Este acordo ten a natureza de convenio marco de colaboración que contén acordos susceptibles de xerar obrigas xurídicas entre as partes que o subscriben, e que esixe, para a súa efectividade o desenvolvemento mediante formalización de convenios específicos nos que se concretan as ditas obrigas que deberán respectar o contido e límites fixados neste convenio.

En todo caso, considéranse actividades non permitidas e, en consecuencia, exclúense do ámbito de aplicación deste convenio marco de colaboración:

1.- Actividades, de calquera tipo, promovidas por partidos políticos, sindicatos, ou calquera outra asociación de obxecto distinto ao educativo, deportivo e cultural.

2.- Actividades propias do comercio que esixan unha contraprestación económica polo acceso ás instalacións.

3.- Actividades de promoción, feiras ou eventos nos que se permita o consumo ou comercialización de produtos prohibidos pola lexislación vixente en materia de alimentación e saúde pública.

Permitirase a realización das actividades que sexan previamente autorizadas polas correspondentes Xuntas Electorais. Está expresamente prohibido o uso das instalacións para o desenvolvemento de mitins políticos ou calquera outra actividade de promoción ou campaña política, sen a devandita autorización.

Segunda. Condicións de uso das instalacións deportivas

As instalacións deportivas integradas nos IES usaranse segundo as formulas contidas neste convenio, no estado en que se reciban. A sinatura do presente convenio non suporá, en ningún caso, a obriga da Consellería de realizar ningún tipo de intervención de ampliación, reforma, adaptación, reparación ou de calquera outro tipo nas instalacións obxecto desta colaboración.

A Consellería resérvase o dereito a excluir do ámbito de aplicación deste convenio, mediante resolución, as instalacións deportivas dalgún dos centros, cando circunstancias debidamente motivadas así o xustifiquen.

A dirección do centro resérvase o dereito de preferencia sobre o uso das instalacións que son obxecto deste convenio. Este dereito concretase na potestade da dirección do centro para denegar as actividades que propoñaa o concello cando coincidan ou poidan obstaculizar o desenvolvemento de actividades escolares ou extraescolares. Así mesmo, con carácter excepcional, no caso de necesidades docentea sobrevidas e malia previa aprobación da programación, o centro educativo poderá facer uso das instalacións en horas reservadas polo concello, coa única obriga de comunicación previa ao concello cunha antelación mínima de 24 horas.

Terceira. Distribución das cargas derivadas do convenio

A sinatura deste convenio non implica ningún desembolso inicial de cantidade por ningunha das partes. Non obstante, toda vez que o aumento da intensidade de uso das instalacións implica un maior custo de mantemento, as partes comprométese a sufragar este tipo de gastos, de xeito proporcional.

O concello que teña a intención de usar as instalacións deportivas do/os IES situado/s dentro do seu ámbito territorial deberá presentar, ante a dirección do centro educativo que se trate, durante o mes de setembro, unha solicitude de uso con expresión de, polo menos, os seguintes extremos:

1. A relación de actividades que se pretende levar a cabo.

2. Nome, apelidos e números de teléfono de contacto dun responsable de cada unha das actividades.

3. Nome, apelidos e número de teléfono de contacto dun responsable do conxunto de actividades do concello no centro docente. Igualmente, esta persoa acreditará o poder de representación da entidade local (nomeamento de alcalde ou concelleiro ou a delegación expresa de funcións por calquera deles).

Cando as instalacións deportivas do centro educativo non tivesen acceso independente, arbitraranse fórmulas conxuntas de responsabilidade entre a dirección do centro e o concello, que delimitarán, de xeito preciso, as responsabilidades e responsables e formará parte integrante do acordo de colaboración que asinen as partes.

Para o desenvolvemento de actividades de imposible previsión no mes de setembro, o concello poderá solicitar da dirección do centro a autorización para a súa realización. Será necesario seguir, para tal efecto, os trámites do procedemento ordinario establecido neste convenio marco.

No caso de que estas actividades sexan de carácter puntual ou extraordinario, aboarase o importe que resulte da porcentaxe de participación, no mes seguinte ao da súa realización.

Esta autorización deberá constar por escrito e conservarse como addenda ao acordo entre o concello e a dirección do centro que, no seu caso, tivesen asinado no mes de setembro.

De tratarse de actividades continuadas, con vocación de perdurar no tempo, deberase modificar o dito acordo, no caso de existir, seguindo o modelo do anexo I do convenio para a súa formalización.

Recibida a solicitude do concello, o/a director/a do centro dará inmediato traslado xefatura territorial correspondente da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria,

para que manifieste os reparos que teña por convenientes no exercicio da reserva de exclusión de aplicación do convenio a que se refire a anterior cláusula segunda. O silencio da Consellería, dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da comunicación do/a director/a do centro docente, permitirá entender que non existe obxección ao acordo de colaboración co concello.

Presentados os reparos ou transcrito o tempo sen formular a oposición pola Consellería, o director/a do centro comunicará o rexeitamento ao concello por escrito, no primeiro caso, ou elaborará a proposta de acordo de colaboración no segundo suposto. Para estes

efectos seguirase o modelo que este convenio recolle como anexo, sen prexuízo da inclusión das cláusulas particulares que acorden as partes de mutuo acordo. Neste último caso, o director/a do centro tera en conta que:

1. A dirección só podera denegar a realización de actividades, de xeito motivado, cando non se axusten ao establecido neste convenio, cando consistan nun uso incompatible coa natureza ou características da instalación ou poida causar calquera dano, ou cando coincida ou poida obstaculizar as actividades docentes propias, sexan estas escolares ou extraescolares.

2. No cálculo da porcentaxe de participación mensual de custos ordinarios de mantemento (electricidade, auga, calefacción, . . .) que asumirá o concello, deberá a terse as seguintes estipulacións:

A fórmula de cálculo sera:

$10\% \times \text{no de horas diarias de uso} \times (\text{n}^\circ \text{ días de uso}/30) \times (\text{superficie instalación deportiva}/30) \times \text{custos ordinarios de mantemento}$

Onde os custos ordinarios de mantemento se refiren a todos aqueles derivados do uso da instalación tales como consumo de auga, electricidade, calefacción etc.

Esta porcentaxe refírese a un mínimo mensual. Por circunstancias excepcionais, debidamente xustificadas, do centro educativo que se trate, este mínimo podería ser aumentado.

Esta porcentaxe de participación podera esixirse, no seu caso, respecto de custos extraordinarios de mantemento ou conservación.

Cuarta. Obrigas dos concellos

O concello que faga uso das instalacións deportivas as que se refire a cláusula primeira, asumirá as seguintes obrigas, en virtude do presente convenio:

1. Solicitar da dirección do centro a autorización de uso, a través da proposta de acordo a que se refire a cláusula terceira.

2. Usar as instalacións de forma compatible coa súa natureza, respectando tanto as condicións de uso reflectidas neste convenio como as que se lle fixen no respectivo acordo de autorización.

3. Contribuír aos custos ordinarios e extraordinarios de mantemento e conservación nos termos concretados no acordo a que se refire a cláusula terceira.

4. Aboar, dentro dos dez primeiros días de cada mes, a porcentaxe de participación no mantemento das instalacións a que se obrigou no acordo asinado coa dirección do centros

5. Aboar, no caso de custos extraordinarios de mantemento e conservación, a parte proporcional a que se obriga de conformidade coa porcentaxe de participación que figure no acordo.

6. Designar a un/ha responsable do bo uso das instalacións deportivas do centro durante o desenvolvemento das actividades autorizadas no acordo. Mentres as instalacións deportivas estean abertas para o servizo de actividades do concello, é obrigatoria a presenza de, polo menos, unha persoa responsable.

7. Contratar un seguro de responsabilidade civil con cobertura suficiente para todas as actividades autorizadas polo centro. A presentación da póliza de seguro xunto co acordo asinado será requisito imprescindible para iniciar o uso da instalación.

8. Informar á dirección do centro, no mesmo día ou na primeira hora do día seguinte, de calquera incidencia ou estrago que suceda nas instalacións dentro do horario de uso que corresponde ao concello, así como asumir os custos de reparación ou reposición a que dera lugar.

9. O concello obrígase á limpeza das instalacións despois de cada uso, de xeito que queden en condicións de ser utilizadas inmediatamente.

Quinta. Obrigas da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

A Consellería, mediante a dirección do centro cando corresponda, asumirá as seguintes obrigas en virtude deste convenio:

1. Contestar de forma motivada a solicitude do uso de instalacións presentada polo concello, dentro do prazo de 15 días hábiles dende a súa presentación, formulando, de ser o caso, a proposta de acordo.

2. Non denegará a colaboración co concello se a súa petición se axusta ás condicións establecidas neste convenio e non existe circunstancia de excepción.

3. Facilitar o desenvolvemento das actividades autorizadas, sempre que se axusten aos termos do acordo entre o centro educativo e o concello correspondente.

Sexta. Comisión mixta de seguimento do convenio

Para o correcto desenvolvemento deste convenio de colaboración poderase establecer unha comisión mixta con funcións de seguimento, interpretación e avaliación das accións que deste derivan.

Integrarán esta comisión:

- De parte da Consellería, tres representantes

- De parte da FEGAMP, tres representantes

A presidencia desta comisión de seguimento será desempeñada pola persoa nomeada pola Consellería, de entre os membros que a compoñen, ou persoas que as substitúan.

Sétima. Vixencia, Suspensión, Modificación, Denuncia e Resolución do convenio

Este convenio ten unha vixencia de catro anos.

Este convenio marco de colaboración substitúe ao convenio marco, de igual título, asinado o 23 de xullo de 2014. Establécese a súa aplicación con carácter retroactivo, para todos aqueles procedementos de autorización de uso a que se refire o texto, iniciados ao abeiro do convenio marco que este instrumento ven a substituír.

A vixencia do convenio entenderase automaticamente suspendida, no caso de que circunstancias excepcionales de forza maior (tales como catástrofes, emerxencias, sinistros e outros de relevancia social análoga) fagan necesario o uso das instalacións obxecto desta colaboración.

As partes poderán denunciar ou modificar o presente convenio en calquera momento, por mutuo acordo. Para estes efectos, deberá mediar comunicación previa cunha antelación mínima de dous meses.

Son causas de resolución do acordo de colaboración derivado do convenio:

1. Impago de cotas por custos ordinarios ou extraordinarios por parte do concello.

2. Incumprimento reiterado por parte do concello da obriga da limpeza posterior ao uso das instalacións.

3. O transcurso de catro anos contados dende a autorización.

4. A obstaculización reiterada de actividades propias do centro.

Oitava. Xurisdición

As partes comprométese a resolver de maneira amigable calquera desacordo que poida xurdir no desenvolvemento deste convenio. De persistir a diverxencia, as partes someteranse á xurisdición contencioso-administrativa en orde de resolución de conflitos sobre a interpretación e cumprimento do convenio.

Novena. Publicidade

Ambas as partes asinantes se comprometen a dar a este convenio marco de colaboración a debida publicidade.

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria inscribirá o presente convenio marco de colaboración no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, en cumprimento do disposto no artigo 2.3 a) do Decreto 126/2006, do 20 de xullo.

En proba de conformidade de canto antecede, asinan por duplicado este convenio no lugar e día arriba indicados."

Segundo.- O Concello de Carballo comprométese ó uso das instalacións deportivas do IES MONTE NEME para a realización de actividades educativas, culturais, deportivas ou outras de carácter social, sempre que non contradigan os obxetivos xerais do sistema educativo.

O uso virá determinado por un convenio específico que rexirá as diferentes cláusulas que determinarán o uso das instalacións, cuxo texto se transcribe a continuación:

"CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O IES MONTE NEME E O CONCELLO DE CARBALLO PARA O USO DO PAVILLÓN DEPORTIVO DO CENTRO EDUCATIVO

Primeiro.- Ámbito subxetivo e competencial

Dunha parte, o centro educativo IES MONTE NEME, situado na rúa Nacente 29, no concello de Carballo, provincia de A Coruña, e na súa representación o director, don Javier Pérez Couto, con DNI 34.891.884-X.

O/a director/a do centro educativo ostenta a representación do instituto e representa oficialmente á Administración educativa no instituto, sen prexuízo das atribucións das demais autoridades educativas, en virtude do disposto nos artigos 30 do Real decreto 83/1996, de 26 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento orgánico dos Institutos de Educación Secundaria (BOE 21.02.1996) e 20 do Decreto 324/1996, do 26 de xullo (DOG 09.08.1996) polo que se aproba o Regulamento orgánico dos Institutos de Educación Secundaria.

Doutra parte, o concello de Carballo, situado na praza do Concello s/n provincia de A Coruña, e na súa representación, o Alcalde don Evencio Ferrero Rodríguez, con DNI: 76321421-S

A súa atribución de competencias ven conferida pola súa elección e toma de posesión do devandito cargo de alcalde na sesión constitutiva do pleno do Concello de Carballo o 13 de xuño de 2015 e polo art. 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril (nomeamento como alcalde ou concelleiro ou resolución de delegación de competencias para asinar o acordo)

Segundo.- Obxeto e responsabilidades.

O presente acordo ten por obxeto o desenvolvemento do convenio marco de colaboración entre a Federación Galega de Municipios e Provincias (en adiante FEGAMP) e a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (en adiante CCEOU) sobre o uso, polos concellos Galegos, de instalacións deportivas de titularidade da Consellería, asinado o día dezaseis de outubro de dous mil catorce.

O/a representante do concello que asina o presente acordo responsabilízase do conxunto de actividades que a entidade local leve a cabo nas instalacións do centro docente. Non obstante, de conformidade coa cláusula terceira do convenio marco de referencia, cando as instalacións deportivas do centro educativo non tivesen acceso independente, arbitraranse fórmulas conxuntas de responsabilidade entre a dirección do centro e o concello, que delimitarán, de xeito preciso, as responsabilidades e responsables e formará parte integrante do acordo de colaboración que asinen as partes.

Son actividades e responsables de actividade obxeto deste acordo, os que de segundo se relacionan:

ACTIVIDADES	RESPONSABLE DA ACTIVIDADE			DIAS DE REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE	FRANX HORARI OCUPAL
	Nome e apelidos	DNI	teléfono		
Adestramentos clubs e entidades deportivas do Concello de Carballo	Francisco José Díaz del Valle	32.804.779V	669833388	Luns	18:00 22:00
Adestramentos clubs e entidades deportivas do Concello de Carballo	Francisco José Díaz del Valle	32.804.779V	669833388	Martes	17:30 22:00
Adestramentos clubs e entidades deportivas do Concello de Carballo	Francisco José Díaz del Valle	32.804.779V	669833388	Mércores	17:30 22:00
Adestramentos clubs e entidades deportivas do Concello de Carballo	Francisco José Díaz del Valle	32.804.779V	669833388	Xoves	17:30 22:00
Adestramentos clubs e entidades deportivas do Concello de Carballo	Francisco José Díaz del Valle	32.804.779V	669833388	Venres	17:30 22:00
Partidos de competición oficial entidades deportivas	Francisco José Díaz del Valle	32.804.779V	669833388	Sábado	10:00 14:00

Terceiro. Póliza de seguro

E requisito de eficacia deste acordo, determinante do inicio de colaboración, a achega por parte do concello, dunha póliza de seguros de responsabilidade civil con cobertura suficiente para o conxunto de actividades que recolle o cadro da cláusula anterior

Cuarto. Achegas económicas

O concello de Carballo comprométese ao abono, dentro dos dez primeiros días de cada mes de vixencia deste acordo, da cantidade de 190 € / mes en concepto de contribución nos custos de mantemento (por un período de 1 de xaneiro a 31 de maio, e de 1 de setembro a 31 de decembro non habendo uso da instalación nos meses de xuño, xullo e agosto, a non ser que se pida por escrito a ampliación de uso).

Esta cantidade é o resultado da fórmula contida na cláusula terceira do convenio marco, a saber:

Mínimos mensual:

$10\% \times n^\circ \text{ de horas de uso} \times n^\circ \text{ de días de uso} / 30 \times \text{superficies instalación deportiva} / \text{superficie total edificada} \times \text{custos ordinarios de mantemento}$

Onde os custos ordinarios de mantemento se refiren a todos aqueles derivados do uso da instalación tales como consumo de auga, electricidade, calefacción, etc...

A porcentaxe de participación que resulte da anterior fórmula será o límite máximo que a CCEOU poderá repercutir ao concello en conceptos de custos extraordinarios de mantemento.

A dirección do centro está obrigada a amosar ao responsable que asina este acordo, no caso de que llo requira, toda a documentación que serviu de base para o cálculo da porcentaxe de participación mensual

Quinta. Obrigas do concello

- 1. Usar as instalacións de forma compatible coa súa natureza*

2. *Aboar, dentro dos dez primeiros días de cada mes, a porcentaxe de participación no mantemento das instalacións e, dentro do mes seguinte do que se lle requira, os custos extraordinarios a que se refire a cláusula anterior.*
3. *Informar a dirección do centro, no mesmo día ou na primeira hora do día seguinte, de calquera incidencia ou estrago, que suceda nas instalacións dentro do horario de uso que corresponde ao concello, así como asumir os custos de reparación ou reposición a que dera lugar*
4. *O concello se obriga a limpeza das instalacións despois de cada uso, de xeito que queden en condicións de ser utilizadas inmediatamente*
5. *O concello porá unha pista ou pavimento deportivo desmontable que quedará posto durante todo o período de vixencia do convenio. Este pavimento valorado en torno os 36.000,00 €, será de titularidade municipal, podendo retiralo o Concello soamente ca extinción do convenio.*
6. *O concello, poderá modificar o plan de uso de maneira puntual, sempre con previo aviso de 5 días, sempre que non interrompa o horario lectivo ou calquera actividade puntual do centro educativo, e co visto bo da dirección do centro.*
7. *O acceso a instalación, cando non estea aberta o portalón grande, en horario lectivo, será pola porta pequena, non debendo estar dentro do recinto nada máis que os deportistas que van a utilizar o pavillón.*
8. *Será responsabilidade do monitor da actividade a posta en marcha da alarma do pavillón sempre ó finalizar cada sesión*
9. *O adestrador, monitor ou persoa responsable non poderá ausentarse da instalación mentres estea algún deportista, así como deberá de revisar ó finalizar as sesións, o estado dos vestiarios e dependencias utilizadas.*
10. *As dependencias utilizadas, serán unicamente os dous vestiarios e o vestiario pequeno, onde poden gardar o material deportivo e o utensilios de limpeza.*
11. *O concello se fará responsable da reposición de todo aquel material que sufra deterioro polo mal uso.*
12. *O acceso as instalacións virán determinadas polo espazo que determine a dirección do centro educativo.*

Sexta. Obrigas da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

A Consellería, mediante a dirección do centro cando corresponda, asumirá as seguintes obrigas en virtudes deste convenio:

1. *Non denegará a colaboración con concello se a súa petición se axusta ás condicións establecidas neste convenio e non exista circunstancias de excepción*
2. *Facilitar o desenvolvemento das actividades autorizadas, sempre que se axusten aos termos acordados.*
3. *Facilitará o cambio de horarios de uso nas instalacións, sempre que non entorpeza o horario lectivo ou actividades propias do centro educativo.*

Sétima. Reservas

A sinatura do presente convenio non suporá, en ningún caso, a obriga da Consellería de realizar ningún tipo de intervención de ampliación, reforma, adaptación, reparación ou de calquera outro tipo nas instalacións obxeto desta colaboración

A dirección do centro reservase o dereito de preferencia sobre o uso das instalacións que son obxeto deste convenio. Este dereito concrétese na potestade da dirección do centro para denegar as actividades que propoña o concello cando coincidan ou poidan obstaculizar o desenvolvemento de actividade escolares ou extraescolares. Así mesmo, con carácter excepcional, no caso de necesidades docentes sobrevidas e malia previa aprobación da programación, o centro educativo poderá facer uso das instalacións en horas reservadas polo concello, coa única obriga de comunicación previa ao concello con antelación mínima de 24 horas."

E para que conste, para os efectos oportunos expido o presente certificado coa reserva establecida no art. 206 do R.O.F., de orde e co visto e prace do Sr. Alcalde, en Carballo o vinte e seis de abril de dous mil dezaseis.

V. e Pr.
O Alcalde

